



## Os presidentes do Parlamento e do Consello da Cultura Galega analizan posibles proxectos conxuntos entre as dúas institucións

- Santalices Vieira tamén se reuniu co presidente de COGAMI

**Santiago, 26 de febreiro de 2016.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, reuníuse este mediodía co titular do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, nun encontro no que analizaron posibles proxectos a abordar entre as dúas institucións.

Na xuntanza, a primeira con Ramón Villares desde que Santalices asumiu a Presidencia ao Parlamento, tamén repasaron iniciativas conxuntas xa abordadas entre o Lexislativo galego e o Consello da Cultura, como a edición de libros.

Previamente, o presidente do Parlamento celebrou unha reunión co presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, na que abordaron as medidas impulsadas polo Parlamento a favor das persoas con discapacidade.

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.